

NOTA INFORMATIVA RELATIVA Á BASE DE COTIZACIÓN 2014 DO PERSOAL INCLUIDO NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL

1.- A disposición adicional sétima do Real Decreto-Lei 8/2010, de 20 de maio, (B.O.E. de 24) polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público establece que, *“dende o 1 de xuño a 31 de decembro de 2010 a base de cotización para todas as continxencias dos empregados públicos encadrados no Réxime Xeral da Seguridade Social, en tanto permaneza a súa relación laboral ou de servizo, será coincidente coa habida no mes de maio de 2010, salvo que por razón das retribucións que perciban puidese corresponder unha de maior contía, en cuxo caso será esta pola que se efectuará a cotización mensual.”*

2.- A disposición adicional cuarta da **Orden ESS/106/2014, de 31 de xaneiro** (BOE 1 de febreiro), normas de cotización á Seguridade Social para o ano 2014 establece que, *“durante o ano 2014, a base de cotización por todas as continxencias dos empregados públicos aos que lle fora de aplicación o establecido no apartado 1.- deste escrito, será coincidente coa habida no mes de decembro de 2010, salvo que por razón das retribucións que perciban puidese corresponder unha de maior contía, en cuxo caso será esta pola que se efectuará a cotización mensual.”*

3.- No mes de xaneiro de 2014, no momento da confección da nómina, non se publicara a orden relativa ás normas de cotización para o devandito ano, motivo polo que o cálculo das bases de cotización do mes se fixo tendo en conta as retribucións vixentes para o ano 2014 (inferiores ás de maio de 2010).

4.- Atendendo ao dito infórmase que, na **nómina de febreiro 2014** procédese a regularizar as bases de cotización de todo o persoal incluído no réxime xeral da seguridade social, o que implicará, **con carácter xeral**, un incremento no importe da base de cotización, en comparación coa base aplicada no mes de xaneiro 2014, cos conseguintes efectos, por unha banda, aumento da cantidade a pagar en concepto de cota obreira e por outra, unha minoración no líquido a percibir.